

## O novo hospital de Vigo e o negocio para cargos do PP

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 17 Setembro 2015 20:12

---



As obras do Álvaro Cunqueiro foron encargadas á empresa Acciona, da que foi directora xeral de internacional unha ex alto cargo do PP. Tamén foi contratada unha viceconselleira do Goberno de Madrid. A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública estima o custe do hospital en 1.795 millóns, moi lonxe dos 450 millóns que ía custar.

**Que hai detrás da construción do novo hospital de Vigo?** Quen tivo contratos na súa xestión?. Quen se encargará de cobrar por servizos que antes eran públicos e agora son privados?... Son preguntas que se fan moitos dos usuarios do Álvaro Cunqueiro, asociacións e sindicatos sanitarios e, en moitas das respostas, aparece sempre xente vinculada ao PP.

A maior parte das obras foron adxudicadas a **Acciona**, unha empresa que aparece citada nos papeis de Bárcenas e na que traballou **armen Becerril** C, ex directora xeral de Política Enerxética e Minas co PP, que foi presidenta de Acciona Energía ata 2013 e desde 2013 a 2014, directora xeral de Internacional desta compañía. Tamén aparece vinculada a este hospital, **Ana Sánchez, quen foi viceconselleira de Asistencia Sanitaria da Consellería de Sanidade de Madrid**

A Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública vincula os recortes e deficiencias no novo hospital de Vigo á falta de control na execución das obras e especificacións técnicas do centro

sanitario. Esta entidade critica que **a Oficina Técnica de Seguimento do hospital fora dirixida pola empresa Efficientia Clinical Management**, firma dirixida por Ana Sánchez, e nomeada na Consellería de Sanidade de Madrid por Juan José Güemes, xenro do ex presidente da Deputación de Castelló, Carlos Fabra.

O 13 de maio de 2011, a entón conselleira de Sanidade, Pilar Farjas- que posteriormente sería secretaria de Estado de Sanidade con Ana Mato- asina unha resolución na que se encarga á empresa pública de servizos sanitarios, **Galaria**, que se faga cargo da **Oficina Técnica de Seguimento (OTS)** do novo hospital de Vigo para “controlar e supervisar o cumprimento da execución do contrato entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo S.A.

A OTS tamén se encargará da “redacción dos proxectos, seguimento das obras e seguimento do plan de equipamento, ademais de realizar o seguimento, control e coordinación do conxunto de accións necesarias para a posta en marcha do hospital e coordinar a planificación do traslado”.

**Galaria decide ceder todas estas xestións a Efficientia Clinical Management**, a compañía de Ana Sánchez- constituída o 27 de xaneiro de 2011, apenas 4 meses antes- que, de acordo coa orde citada, publicada no Diario Oficial de Galicia, debe facerse cargo das mesmas até dous anos despois da posta en marcha do novo hospital, é dicir, até 2017. Ademais, tamén se subroga no que se refire ao cobro da cantidade que debía de ser satisfeita a Galaria para a realización dos labores de control, exactamente 3.957.357 euros, máis IVE, cantidade que debe ser pagada pola Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo S.A., a empresa que construíu o hospital e concesionaria da maioría dos seus servizos non sanitarios.

De acordo coa denuncia da Plataforma, esta empresa, que debe de facerse cargo do control e a supervisión do novo hospital, **aproba o recorte do número de camas, que pasan de 1.465 do proxecto inicial a 845;** tamén se suprimen, integramente, as unidades de Queimados e de Cirurxía Maxilofacial; redúcese o número de quirófanos previstos pasa de 35 a 24, a superficie de Urgencias-a pesar de que o Álvaro Cunqueiro asume as do Xeral e Meixoeiro, que se colapsaron durante anos- queda en 4.300 metros cadrados, fronte aos case 6.000 deseñados e, por tanto, haberá menos camas, exactamente 40 menos: das 72 anunciadas ás 32 reais.



## O novo hospital de Vigo e o negocio para cargos do PP

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 17 Setembro 2015 20:12

---